



VITOR MEJUTO

A traíña do Mecos embarcouse onte nun proxecto destinado a modernizar e impulsar o mundo do remo nacional

O clube grovense disputará hoxe igualmente a clasificatoria xunto con Cabo de Cruz e Tirán

O Mecos clasifícase para a Liga do Cantábrico trala renuncia de Meira

Outeda reunírase co alcalde para negociar a inclusión da Bandeira local na competición

Pablo Penedo
VILAGARCÍA

■ O Clube de Remo Mecos é desde onte un dos tres representantes de Galicia na Liga do Cantábrico, xunto con Tirán e Cabo de Cruz. Así é tras coñecerse a renuncia do Meira a tomar parte na regata clasificatoria que esta tarde se celebrará igualmente en augas de Boiro, e na que en principio ían participar as traíñas dos catro clubes mencionados.

Segundo Beni Silva, adestrador e vicepresidente do Cabo de Cruz, organizador da proba de clasificación, «a asemblea de Meira considerou que era

un pouco apurado tomar parte na Liga, e que preferían estudar o proxecto con máis calma para participar o ano que vén».

Nembargante, Silva confirmou que «nós imos disputar igualmente a regata. En principio virán tamén outras embarcacións ademais da de Mecos e Tirán, segundo me dixo a Federación».

O presidente do Mecos, Juan Ramón Outeda, non podía ocultar onte a súa lección por coñecer a clasificación directa do seu equipo para a Liga. Neste senso, aínda que lamenta a forma de acceso, coa retirada a última hora do Meira, Outeda

considera que «por un lado foi mellor así. Agora imos a Cabo sen a presión de ternos que clasificar. Nós apostamos moi forte pola Liga desde o primeiro momento. Queríamos participar nela fose como fose. É unha pena que tivese que ser así, pero creo tamén que os nosos remeiros estaban en condicións para clasificarse no mar sen problemas».

Agora, di o presidente, «temos que centrarnos na preparación da Liga». Unha preparación que non só inclúe o deportivo, senón tamén o das xestións nos despachos. E é que se ben o aval de 35.000 euros esixido está máis que atado, o Mecos terá agora que concretar a regata que obrigatoriamente terá que organizar coma parte

do calendario da competición interautonómica, cun custe cifrado entre 18.000 e 21.000 euros, 6.000 deles sufragados pola Xunta.

Con dito fin, Outeda ten previsto reunirse o vindeiro martes co alcalde grovense, Miguel Ángel Pérez, para negociar con él a inclusión na Liga da Bandeira do Grove, hoxe por hoxe inscrita no calendario autonómico de traíñas. O directivo dixo que «impos explicarlle ó alcalde a relevancia non só deportiva, senón tamén turística da Liga, e que O Grove ten que estar nela. Entendemos que antes de dar calquera outro paso e de recurrir á empresa, primeiro temos que ofrecérle ó Concello a posibilidade de tomar parte no proxecto».

Vilaxoán descarta organizar este ano a súa Bandeira de Traíñas

■ Ó tempo que a Liga de Remo do Cantábrico aparece cada vez máis nítida en tódalas súas dimensións, a competición galega de traíñas fai augas por todas partes. Se o máis probable é que non poida contar coas tres regatas que en principio ían organizar o Mecos e Cabo de Cruz, o Clube de Remo Vilaxoán confirmou que o Concello de Vilagarcía non fará a súa Bandeira este ano.

E non o fai a petición do propio clube. O seu presidente, Francisco Javier Alcalde, explicou onte que «os dous últimos anos a Federación Galega de Remo estivo tratando de boicotear a Bandeira de Vilagarcía. Presionaba ós clubes para que non viñesen, dicíndolles que se o facían se ativesen ás consecuencias. Tiñamos doce invitacións, todas elas con premios en metálico, e ó final só aparecían oito equipos. Parece que non interesa que Vilagarcía figure no calendario autonómico. Este ano, nin nos puxeron data de celebración. Todo, porque non somos da corda da Federación, que só traballa polos seus intereses, nunca polos dos equipos».

Alcalde apuntou que a intención do Concello era aumentar de 9.000 a 12.000 euros a dotación dos premios da Bandeira, que organizaba a petición do propio C.R. Vilaxoán pesie a non dispor este de traíña por falta de remeiros. Alcalde di que, vista a actitude da Federación, a administración local vilagarciana «considera mellor gardar os cartos e renunciar á Bandeira ata que Vilaxoán dispoña de traíña».

A Asociación Cultural Dorna celebra a Regata do Bao

LA VOZ | VILAGARCÍA

■ A Asociación Cultural Dorna da Illa celebra hoxe a súa Regata do Bao coa participación prevista dunhas 25 embarcacións tradicionais das tres rías da provincia de Pontevedra.

A proba comezará ás 16.30 horas e é puntuable para o Trofeo Ría de Arousa coorganizado pola A.C. Dorna, o Lajareu por Barlovento de Ribeira, o A.C. Rabandeira de Vilanova e o Mariño Salnés de Cambados.

Os equipos arousáns de piragüismo defenden os seus postos de honra

LA VOZ | VILAGARCÍA

■ Os representantes arousáns no mundo do piragüismo afrontan mañá dúas probas nas que algúns deles se xogan os seus postos de honra en varias clasificacións autonómicas e estatais.

En terras galegas, e a partir das 11.30 horas, 30 clubes galegos se reunirán en Vilaboia para disputar o Descenso do Río Verdugo, proba puntuable para o Gran Premio de Galicia de Ríos e Travesías. Entre eles salienta polo seu número de participantes o As Torres de

Catoira, que desprazará a máis de quince palistas, ó igual co líder, o Vilaboia, e o Kaiak Tudense, Ría de Aldán e Ría de Betanzos. Nembargante, será o Piragüismo A Illa o que concentre a maior atención dos seguidores da bisbarra, ó figurar nestes momentos na terceira posición da xeral do Gran Premio autonómico, a un só punto do segundo, o Náutico Firrete, e a oito do Vilaboia.

O embalse zaragozano de Maquienza acollerá pola súa parte a segunda regata da Copa de España de Promoción,

encabezada nestes momentos polo Breogán con 220 puntos, só dez máis có As Torres, segundo. Ambos levan a 17 e 22 palistas, respectivamente. Alí estarán tamén o Náutico O Muíño, con nove piragüistas, o Ría de Arousa e o A Illa.

Asimesmo, non se pode esquecer a importante cita dos canoístas mecós Alfredo Bea e David Mascato, que esta fin de semana están a competir en Duisburg (Alemania), nunha das probas da Copa do Mundo de Augas Tranquilas xunto coa selección española.

As canteiras do Vilagarcía e do Huelva míndense en Fontecarmoa

LA VOZ | VILAGARCÍA

■ O Trofeo Ciudad de Vilagarcía en homenaxe ó fútbol histórico arrinca esta tarde no campo de fútbol de herba do complexo polideportivo de Fontecarmoa. Farao a partir das 17.00 horas, cun enfrontamento entre os equipos infantís B do Vilagarcía e do Huelva. Dúas horas máis tarde mediránse os xuvenís dos mesmos clubs. Mañá xogarán os infantís A e máis os conxuntos cadetes.